

2 0 2 5

O XÉNERO NA, INVESTIGACIÓN: UNHA CUESTION DE EXCELENCIA

UniversidadeVigo

Unidade
de Igualdade

+34 986 813 419
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero
Campus universitario
36310 Vigo

O crecente recoñecemento da importancia da perspectiva de xénero na investigación científica está a transformar o panorama da xeración de coñecemento. As convocatorias de prestixio aquí e en Europa requiren agora a incorporación desta perspectiva en todas as fases do proceso, dende a elección do obxecto de estudo ata a metodoloxía e a transferencia dos resultados.

O olimpo da excelencia científica radica na actualidade nas revistas máis prestixiosas, como *Nature*, *The Lancet* ou *Science*, que están a esixir esta perspectiva. Unha tendencia que reflicte unha aposta clara por eliminar os nesgos sexistas e tratar desigualdades estruturais que afectan diversos aspectos do ámbito investigador e que buscan construír un contexto máis xusto e equitativo, superando a lóxica da biopolítica patriarcal que distorce o coñecemento científico.

Os grandes paradigmas da historia da ciencia non se poden entender sen as contribucións fundamentais de científicas como Teano de Crotona, Émilie du Châtelet, Nicole-Reine Lepaute, Hildegard von Bingen, Jeanne Dumée, Harriet Martineau, Mileva Marić, Lynn Margulis, Chien-Shiung Wu ou Lise Meitner, entre moitas outras, que foron invisibilizadas pola historiografía androcéntrica. Elas son *as elefantas no cuarto* dos centros do coñecemento e do saber, ignoradas e excluídas do relato hexemónico da ciencia.

Neste calendario de 2025, presentamos unha serie de artigos publicados recentemente en revistas de excelencia que incorporan esta perspectiva ou tratan a desigualdade de xénero. Agardamos que inspire as persoas investigadoras da nosa universidade a desenvolver e a xerar coñecemento científico de alta calidade.

O LABIRINTO DE CRISTAL

Existe unha importante desigualdade entre mulleres e homes nos ámbitos científico e académico derivada do chamado «labirinto de cristal» –que inclúe conceptos como fenda de coidados, teito de cristal, chan pegañento, división sexista do traballo académico, *leaking pipe* ou cano que pinga, acoso sexual e androcentrismo– e que está a perpetuar a desigualdade de xénero estrutural na universidade e na investigación. A división do traballo sexual académico asígnalle ás académicas tarefas aburridas ou pouco recoñecidas; os datos estatísticos oficiais demostran un profundo conflito entre a carreira e a formación e os coidados familiares, e a literatura científica reflicte claramente os paróns na produción cando son nais ou teñen a cargo persoas dependentes.



Desigualdades de xénero na academia: enfoques múltiples para pechar a fenda

[Gender Inequalities in Academia: Multiple Approaches to Closing the Gap](#)



Este artigo ofrece unha panorámica dos principais temas de investigación sobre xénero na academia con especial atención a como o neoliberalismo e as súas consecuencias organizativas incrementan a desigualdade. Os estudos de xénero, coidados e interseccionalidade, ou sobre as resistencias e as loitas de poder entre quen se opón ou promove políticas de igualdade, axudan a comprender a complexidade das institucións de ensino superior e serven para avaliar e comparar a súa calidade.

Cando dous corpos (non) son un problema: discriminación por xénero e situación civil na contratación académica

[When Two Bodies Are \(Not\) a Problem: Gender and Relationship Status Discrimination in Academic Hiring](#)



Os comités de selección xogan un papel crucial na configuración dos departamentos académicos, pero os procesos de selección están pouco estudados. Neste artigo, a través dun estudo de caso cualitativo nunha grande universidade R1, demostrase como teñen en conta o estado civil das mulleres pero non o dos homes, ao tomar decisións de contratación.

XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
1	30	31	1 Ano Novo	2	3	4	5
2	6 Día de Reis	7	8	9	10	11	12
3	13	14	15	16	17	18	19
4	20	21	22	23	24	25	26
5	27	28 San Tomé de Aquino	29	30	31	1	2

SEMPRE CUN PÉ NAS FENDAS

O sobreesforzo das mulleres investigadoras débese á conxunción da fenda de coidados e ás resistencias e hostilidades dunha institución que as excluíu durante séculos. As académicas priorizan o traballo docente, a titorización do estudantado e o fogar. Pola contra, os académicos tenden a centrarse na investigación, considerada como colofón de excelencia, o que lles proporciona máis beneficios persoais, agravando a desigualdade. Isto afecta a saúde e o benestar das mulleres e incide na perpetuación e no incremento da fenda salarial.

Padróns de xénero e retención entre o profesorado estadounidense

Gender and retention patterns among U. S. faculty



As mulleres están insuficientemente representadas en diversos campos académicos nos Estados Unidos. Un estudo revela que abandonan a academia en proporción máis alta e a discriminación e as desigualdades xogan un papel significativo nesta tendencia. As razóns para o abandono inclínanse máis a sentirse excluídas e á falta de oportunidades mellores ca exclusivamente a cuestións de equilibrio entre a vida laboral e persoal.



As investigadoras lense máis e cítanse menos porque con maior frecuencia participan en investigacións para o progreso social

Female researchers are more read and less cited because they more often engage in research for societal progress



A fenda de xénero nas citas está ben documentada. Con todo, as razóns son menos claras e amplamente debatidas. Os resultados deste estudo en Noruega revelan que as investigadoras son máis lidas e menos citadas. A través dunha análise detallada dos resumos dos artigos femininos, argumenta que implican máis a miúdo proxectos dirixidos ao progreso social, que en xeral son menos valorados e citados polos académicos.

FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	27	28	29	30	31	1	2
6	3	4	5	6 Día Internacional contra a Mutilación Xenital Feminina	7	8	9
7	10	11	12	13	14 Día Europeo da Saúde Sexual	15	16
8	17	18	19	20	21	22 Día Europeo da Igualdade Salarial	23
9	24	25	26	27	28	1	2

PATRIARCADO S. L.

A desigualdade de xénero no mercado laboral maniféstase, principalmente, en que as mulleres gañan menos ca os homes polas mesmas tarefas. Isto reflicte barreiras sistémicas e falta de recoñecemento, pese a que o berro de «a igual traballo, igual salario» leve tempo soando nas rúas e nas redes. As mulleres teñen obstáculos no acceso a certos sectores e a postos directivos. Cómpre implementar políticas que promovan a igualdade, fomenten a representación equitativa en todos os niveis organizativos e eliminen a discriminación nas prácticas de contratación e promoción. Para chegar a pechar cada unha das físgoas que compoñen a fenda hai que investigar problemáticas e casuísticas diversas.

Familia e carreira: unha análise en Europa e América do Norte

Family and career: An analysis across Europe and North America



O estudo utiliza datos de 17 países para comparar as carreiras de homes e mulleres con e sen fillos ou fillas. Aos 30 anos, hai grandes diferenzas en emprego e en salario entre nais e non nais, pero aos 50 anos a fenda de emprego é similar na maioría de países. Esta investigación tamén recoñece que persiste unha significativa fenda salarial entre nais e pais.



O xénero e os beneficios dispares por horas extra

Gender and the Disparate Payoffs of Overwork



Este artigo presenta un estudo que avalía o persoal traballador con rendemento idéntico pero con diferenzas nas horas traballadas e no xénero. Os resultados amosan que se lles asignan maiores recompensas ao persoal traballador con máis horas, percibíndoos como máis comprometidos e competentes, en comparación con quen consegue un rendemento similar nas horas dunha xornada completa. O estudo revela como esta práctica favorece desproporcionadamente os homes sobre as mulleres e como, ademais, a prima por exceso de traballo é maior para eles.

MARZO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
9	24	25	26	27	28	1	2
10	3	4* Martes de Entroido Festivo local en Ourense e Vigo	5 Mérgores de Cinza Festivo local en Pontevedra	6	7	8 Día Internacional das Mulleres	9
11	10	11	12	13	14 Día Mundial da Endometriose	15	16
12	17	18	19	20	21	22	23 Día Estatal da Conciliación e a Co- responsabilidade
13	24 31	25	26	27	28 Día da Reconquista.	29	30 Día Internacional das Traballadoras do Fogar

4: Día Internacional de Concienciación sobre o VIH

NON MÁIS MATILDAS

A sufraxista Matilda Joslyn Gage foi a primeira muller dedicada ao ámbito científico que denunciou a supresión da contribución das mulleres nas investigacións e nos inventos. O profundo enraizamento desa lóxica sexista e da misoxinia científica coñécese hoxe como *efecto Matilda* e explica a invisibilización, a usurpación e a dominación de destacadas científicas por parte dos seus colegas e das institucións académicas. Un exemplo de actualidade é o caso Ozempic. A química norteamericana Svetlana Mojsov foi nos anos oitenta excluída dos recoñecementos recibidos polo seu equipo e o Premio Princesa de Asturias de 2024 quere corrixir esa inxusta exclusión.

Un enorme estudo documenta a fenda de xénero na publicación sobre química

[Huge study documents gender gap in chemistry publishing](#)




Despois de analizar máis de setecentos mil artigos, esta investigación documenta e pon en evidencia a fenda de xénero no sector editorial da química. A análise conclúe que os artigos dirixidos por mulleres teñen máis probabilidades de ser rexeitados e que son menos propensos a ser citados.

Menos citas para elas na investigación médica

[Fewer citations for female authors of medical research](#)



Os artigos de mulleres en revistas médicas de elite teñen a metade de probabilidades de ser citados ca outros similares escritos por homes.



As colaboracións científicas son territorio precario para as mulleres

[Scientific collaborations are precarious territory for women](#)




Os prexuízos arraigados poden facer que as colaboracións das mulleres sexan un acto de equilibrio. Este estudo demostra que as mulleres denuncian en máis ocasións estar implicadas en disputas de autoría.


ABRIL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
14	31	1	2	3	4	5	6
15	7	8	9	10	11	12	13
16	14	15	16	17 Xoves Santo	18 Venres Santo	19	20
17	21	22	23	24	25 Día Internacional das Nenas nas TIC	26 Día da Visibilidade Lésbica	27
18	28	29	30	1	2	3	4

INVISIBLES PARA A CIENCIA



O libro *Mulleres invisibles para a ciencia*, da médica experta en xénero Carmen Valls, saca á luz as contribucións historicamente subestimadas das mulleres no campo científico e da saúde. A través dunha investigación exhaustiva, revela a persistente invisibilidade e menosprezo que enfrontan: por que unha muller con estrés é etiquetada como histerica mentres que nun home se di que o causa a carga da responsabilidade? Por que as mulleres seguen a ser invisibles para a medicina? O cancro de mama, as enfermidades cardiovasculares, a osteoporose e outras enfermidades asociadas á menopausa son só algúns exemplos do tiránico culto ao corpo que, xunto coa anorexia ou coa bulimia, reclaman unha medicina que estude especificamente as mulleres.



Descoidar o sexo e o xénero na investigación é un risco para a saúde pública
Neglecting sex and gender in research is a public-health risk



Os datos son claros: ter en conta o sexo e o xénero na investigación e utilizar ese coñecemento para cambiar a atención sanitaria, podería beneficiar miles de millóns de persoas.

Xustiza de xénero para a saúde planetaria
Gender Justice for Planetary Health



Este artigo, que avalía a perspectiva de xénero no traballo de 114 organizacións globais para tratar a crise da saúde planetaria, revela carencias e denuncia iniciativas dirixidas a elas que tenden a centrarse principalmente nos roles tradicionais como nais e coidadoras. Este estudo complementa o informe anual Saúde Global 50/50, que destaca a necesidade de compromisos coa igualdade de xénero na saúde global.

MAIO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
18	28	29	30	1 Festa do Traballo	2	3	4
19	5	6	7	8	9	10	11
20	12	13	14	15	16	17* Día Internacional contra a Homoles- bobitransfobia	18
21	19	20	21	22	23	24 Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme	25
22	26	27	28 Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres	29	30	31	1

*17: Día das Letras Galegas

OS AVANCES DAS NOVAS INVESTIGADORAS

Seguindo o ronsel dos escritos de Hildegard von Bingen sobre saúde e sexualidade (primeira muller en escribir, por exemplo, sobre o orgasmo feminino desde un punto de vista científico e liberador), de Trótula de Salerno (pioneira en tratar temas sobre xinecoloxía e obstetricia), de Louise Bourgeois Boursier (a primeira en escribir un libro sobre prácticas de parto) ou de Helen O'Connell (quen describiu a anatomía completa do clítoris), hoxe hai investigadoras da anatomía e da fisioloxía femininas con estudos e achados de grande interese que palían as eivas dun coñecemento médico centrado no canon anatómico masculino.

Células asasinas naturais na mucosa uterina humana

Natural Killer Cells in the Human
Uterine Mucosa



Este estudo alerta de que a investigación sobre células nai do sangue menstrual, a pesar do seu enorme potencial para mellorar a saúde de embarazadas e de bebés, é escasa. En 2020, só o 0,25 % dos estudos centrados en células do mesénquima se ocuparon das menstruais, en contraste co 47,7 % dedicado ás células nai da medula ósea. A investigadora atribúe esta baixa incidencia ás actitudes misóxinas e ás reaccións de noxo.

Evidencia de que o ciclo ovárico da muller está dirixido por un reloxo interno circamensual

Evidence that the woman's ovarian cycle
is driven by an internal circamonthly
timing system



O ciclo ovárico, que regula o ciclo menstrual, parece estar principalmente influenciado por un mecanismo interno semellante a un reloxo, segundo este estudo de grandes conxuntos de datos epidemiolóxicos de mulleres europeas e norteamericanas. Estas conclusións son importantes para desenvolver tratamentos para a subfertilidade feminina, que indican a necesidade de estudos adicionais e de enfoques cronobiolóxicos para unha mellor optimización do ciclo.


XUÑO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
22	26	27	28	29	30	31	1
23	2	3	4	5	6	7	8
24	9	10	11	12	13	14	15
25	16	17	18	19	20	21 Día Internacional pola Educación Non Sexista	22
26	23 30	24	25	26	27	28 Día Internacional do Orgullo LGBTQI+	29

*23: Día Internacional das Mulleres na Enxeñaría

A SAÚDE MENSTRUAL

A menstruación, un proceso natural para as mulleres, foi escasamente estudada na ciencia, a pesar do seu impacto na saúde física e emocional. A falta de investigación deixou moitos ocos na comprensión dos seus mecanismos e da súa influencia en enfermidades como a endometriose. Movementos pola saúde menstrual están a impulsar a inclusión e a igualdade na atención médica e os dereitos reprodutivos. A Organización Mundial da Saúde solicitou que a menstruación se estude como unha cuestión de saúde e non de hixiene, e que se trate desde unha perspectiva do ciclo vital en toda a vida das mulleres, desde antes da menarquía ata despois da menopausa.



Dinámicas cerebrais ao longo do ciclo menstrual: o papel das fluctuacións hormonais e da idade en mulleres sas

Whole-brain dynamics across the menstrual cycle: the role of hormonal fluctuations and age in healthy women



Recentes estudos de neuroimaxes suxiren que as fluctuacións nas hormonas sexuais femininas modulan a actividade cerebral. Esta investigación analiza o ciclo natural en sesenta mulleres sas e os resultados revelan que a fase preovulatoria presenta a maior complexidade dinámica na rede funcional do cerebro, mentres que a fase folicular inicial amosa a máis baixa. A conclusión é que a idade e as hormonas ováricas modulan a dinámica da rede cerebral ao longo do ciclo menstrual.

O aumento da investigación sobre a endometriose despois de décadas de subfinanciamento podería anunciar unha nova era para a saúde das mulleres

Surge in endometriosis research after decades of underfunding could herald new era for women's health



Os avances nos organoides e o papel do microbioma e a dieta están a propiciar novos diagnósticos e tratamentos para a endometriose. Isto fomenta un enfoque de saúde de precisión para esta enfermidade que foi desatendida durante moito tempo.


XULLO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
27	30	1	2	3	4	5	6
28	7	8	9	10	11 San Bieito — Festivo local en Pontevedra	12	13
29	14 Día Internacional da Visibilidade Non Binaria	15	16	17	18	19	20
30	21	22	23	24	25* Día Internacional das Mulleres Afro- descendentes	26	27
31	28	29	30	31	1	2	3

*25: Día Nacional de Galicia

QUEN EDUCA A INTELIXENCIA ARTIFICIAL?

Como estamos a demostrar, hai campos científicos nos que a débeda coas mulleres é histórica e responde a séculos de discriminación, pero hai campos recentes para os que non debería de haber escusa e, non obstante, están moi lonxe de promover a igualdade de xénero. É o caso da intelixencia artificial (IA). É obvio pensar que quen toma as decisións que informan os sistemas de IA e quen está no equipo que os desenvolve determina o resultado. Diferentes estudos examinan como a tecnoloxía dixital semella ir en contra dos avances do feminismo e perpetúa e intensifica o patriarcado.



**Cando os bos algoritmos se fan sexistas:
por que e como promover a equidade
de xénero da IA**

*When Good Algorithms Go Sexist: Why
and How to Advance AI Gender Equity*



Un estudo do Centro Berkeley Haas para a equidade, o xénero e o liderado analizou 133 sistemas de intelixencia artificial en diferentes industrias e atopou que arredor do 44 % tiñan negos de xénero e o 25 % tanto de xénero coma raciais. En canto a quen desenvolve as tecnoloxías, evidenciou unha gran fenda de xénero: só o 22 % de profesionais dos campos da IA e da ciencia de datos son mulleres, e é máis probable que elas ocupen tarefas asociadas a baixos status.

**Pode o «deseño feminista» salvar o nesgo
dos algoritmos de contratación?**

*Can «feminist design» save hiring
algorithms from bias?*



O persoal desenvolvidor de software deberían incorporar o pensamento feminista no deseño e no proceso de desenvolvemento para mellorar a equidade en calquera IA. Neste estudo poñen o foco na necesidade de incorporar a perspectiva de xénero no deseño dos programas de software para procesos de contratación.

AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
31	28	29	30	31	1	2	3
32	4	5	6	7	8	9	10
33	11	12	13	14	15 Día da Asunción	16	17
34	18	19	20	21	22	23	24
35	25	26	27	28	29	30	31

CAPITALISMO DE VIXILANCIA

Ninguén pode xa negar que internet transformou a nosa interacción co mundo. O ecosistema dixital, dominado polas grandes corporacións tecnolóxicas, intensificouse dende a pandemia de 2020 e beneficiou enormemente estas empresas e a expansión da proporción da nosa vida social que está aberta á recompilación e ao procesamento dos nosos datos. A socióloga Shoshana Zuboff popularizou o termo «capitalismo de vixilancia» para referirse á transformación de información persoal nunha mercadoría suxeita á compravenda con fins de lucro. Estas empresas medran e consolidan o seu poder impunes, mentres perpetúan a desigualdade.

Reducir a fenda de xénero nos roles en que se basea a IA

[Bridging the Gender Gap in AI-Based Roles](#)



Só o 22 % de profesionais de intelixencia artificial no mundo son mulleres e a porcentaxe cae aínda máis, ata o 18 %, ao analizar a autoría das principais conferencias sobre a IA. Este informe denuncia que o persoal de investigación de IA en grandes empresas como Facebook conta con só un 15 % de mulleres e en Google esa cifra redúcese ao 10 %.



As imaxes en liña amplifican o nesgo de xénero

[Online images amplify gender bias](#)



Neste estudo, utilizan técnicas computacionais e experimentais para comparar o nesgo de xénero e o seu impacto psicolóxico en corpus masivos de imaxes e textos en liña. Revelan como hai padróns compartidos de representación de xénero entre estas dúas fontes e conclúen que as asociacións de xénero nas imaxes son estatisticamente máis extremas ca as dos documentos textuais. O equipo de pescuda atrevéase a debater sobre se as imaxes en liña suporían unha representación da sociedade real na que vivimos e a través dunha serie de enquisas demostran que o nesgo de xénero é significativamente máis forte nos resultados da rede ca na opinión pública.


SETEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
35	1	2	3	4	5 Día Internacional das Mulleres Indíxenas	6	7
36	8	9	10	11	12	13	14
37	15	16	17	18	19	20	21
38	22	23* Día Internacional da Bisexualidade	24	25	26	27	28 Día de Acción por un Aborto Legal e Seguro
39	29	30	1	2	3	4	5

*23: Día Internacional contra a Explotación Sexual e o Tráfico de Seres Humanos

A CREACIÓN DO PATRIARCADO 2.0

O dominio masculino ancestral, descrito por Gerda Lerner en *A creación do patriarcado*, funcionou como unha «enseñaría do poder» sofisticada e complexa ao longo da historia da humanidade. Na actualidade, esta orde política reproducése no ámbito virtual. A violencia contra as mulleres en liña e as hostilidades no ciberespazo son manifestacións claras de que o contorno dixital —considerado inicialmente potencialmente liberador— se vai transformando nun espazo que somete as mulleres a novas formas de opresión e afianza as existentes. Está demostrado que a exposición das persoas internautas aos estereotipos visuais ou textuais inflúe considerablemente na súa concepción do mundo e nos seus nesgos de xénero na vida real.



Os xeradores de imaxes da intelixencia artificial adoitan dar resultados racistas e sexistas: pódese arranxar?

AI image generators often give racist and sexist results: can they be fixed?



Este preocupante estudo demostra como se están adestrando modelos de IA con imaxes en liña que non só son nesgadas, senón que conteñen imaxes ilegais ou cando menos abusivas e problemáticas. Os malos e escasos referentes cos que se están a construír algunhas destas ferramentas conseguen que as imaxes que xeran sexan incluso menos diversas ca as de calquera buscador en liña.

Desafiando os prexuízos sistemáticos: unha investigación sobre o nesgo contra as mulleres e as nenas nos grandes modelos lingüísticos

Challenging systematic prejudices: an investigation into bias against women and girls in large language models



Este estudo analiza tres modelos lingüísticos grandes (GPT2, ChatGPT e Llama 2) e amosa como estes poden crear contido sexista, violento ou discriminatorio en tarefas de xeración de texto. Os achados subliñan que é fundamental adoptar medidas no inicio do ciclo de desenvolvemento da IA.

OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
39	29	30	1	2	3	4	5
40	6	7	8	9	10	11 Día Internacional das Nenas	12 Día do Pilar
41	13	14	15 Día Internacional das Mulleres Rurais	16	17	18	19
42	20	21 Día Internacional dos Homes pola Igualdade	22	23	24	25	26 Día Internacional da Intersexualidade
43	27	28	29	30	31	1	2

MOITO QUE MELLORAR: ACOSO SEXUAL NA ACADEMIA I



O acoso sexual ao que se ven expostas, aínda a día de hoxe, moitas mulleres non é alleo aos círculos académicos, nin ao ámbito científico, nin mesmo ás institucións con máis consideración mundial. É o caso, por exemplo, da marca Smithsonian, un dos maiores complexos de museos, educación, ciencia e investigación do mundo, e que podemos asociar á serie *Bones* e á excelencia nesa ficción de personaxes femininas apoderadoras como a doutora Brennan. Pero no mundo real, a científica Sarah Batterman, traballadora do instituto na súa sede para investigacións tropicais en Panamá, presentou en 2020 unha denuncia formal por acoso. Nela describía o enorme impacto persoal e profesional e as dificultades significativas que afectaron a súa carreira investigadora durante décadas. Diversos artigos e estudos poñen o foco na falta de prevención e de resposta en ámbitos universitarios e científicos de diferentes contextos.

As universidades instaron a mellorar a xestión das denuncias de agresións sexuais
Universities urged to improve how staff sexual-assault claims are handled



As investigadoras, no comezo da súa carreira, a miúdo son mal atendidas cando denuncian, segundo este informe que investiga a resposta ao movemento #MeToo nas institucións do Reino Unido. As universidades británicas amosan unha enorme disparidade na forma en que se manexan as queixas de agresión e de acoso sexual.

En Brasil, unha de cada dúas investigadoras enfrontouse a acoso sexual

In Brazil, one in two female researchers has faced sexual harassment



A Academia Brasileira de Ciencias realizou unha enquisa en 2022 a máis de 4000 estudantes que se doutoraron entre 2006 e 2021. Os resultados constatan que o 47 % das mulleres sufriron acoso sexual na institución e que a situación é común para as investigadoras do país, especialmente as que se atopan no inicio da carreira.

NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
43	27	28	29	30	31	1 Día de Todos os Santos	2
44	3	4	5	6	7	8	9
45	10	11 San Martín — Festivo local en Ourense	12	13	14	15	16
46	17	18 Día Internacional das Persoas LGBTQI+ na Ciencia	19	20 Día Internacional da Memoria Trans	21	22	23
47	24	25 Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller	26	27	28	29	30

ROMPER CO SILENCIO: ACOSO SEXUAL NA ACADEMIA II


Moitos dos incidentes relacionados coa violencia sexual na academia permaneceron en gran parte ocultos ou foron transmitidos como advertencias silenciosas. Os estudos demostran que as investigadoras novas son máis vulnerables e evitan denunciar o acoso e as agresións, por temor a danar a súa reputación ou carreira debido ao escepticismo e o cuestionamento do seu entorno ou ás represalias dos atacantes. Segundo as Nacións Unidas, as formas máis habituais de acoso inclúen hostigamentos e intimidacións sexuais non desexados, agresións sexuais e outras condutas ofensivas que crean un ambiente de traballo hostil. As universidades e os centros de investigación deben comprometerse coa obriga de ofrecerlles ás científicas de hoxe e do futuro lugares seguros nos que traballar.

O acoso sexual está moi presente nas ciencias, segundo un estudo estadounidense

Sexual harassment is rife in the sciences, finds landmark US study



Un informe das Academias Nacionais de Ciencias, Enxeñaría e Medicina conclúe que as políticas existentes para tratar o acoso sexual no ámbito académico dos Estados Unidos son ineficaces. Segundo o informe, o acoso sexual é frecuente e forza a investigadoras talentosas a abandonar o seu campo e dana as carreiras doutras.



O acoso sexual non debe manterse en segredo

Sexual harassment must not be kept under wraps



Este artigo, no que *Nature* mantén o anonimato da autora, é unha narración en primeira persoa dun caso de acoso sexual por parte dun antigo supervisor posdoutoral, trinta anos maior ca a denunciante. Esta investigadora asegura que aínda que a institución di que non tolera este tipo de agresións, a súa experiencia demostra o contrario e insta as universidades a actualizar urxentemente a súa forma de tratar estas denuncias. Ao mesmo tempo, insta as súas colegas a non manter a violencia sexual en segredo.

DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
47	1	2	3	4	5	6 Día da Constitución	7
48	8 Inmaculada Concepción	9	10	11	12	13	14
49	15	16	17	18	19	20	21
50	22	23	24	25 Día de Nadal	26	27	28
51	29	30	31	1	2	3	4

UNIVERSIDADE DE VIGO, ESPACIO LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS